



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso  
administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2024/G010/000012  
Sesión núm. 11/2024-Pleno

## DECRETO DA ALCALDÍA DA CONVOCATORIA DO PLENO

De conformidade co establecido no artigo 46, apartados 2 e 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e nos artigos 78 e 80 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como en execución do disposto no art. 40.2 do ROM e do acordado para os efectos no punto 5º da sesión extraordinaria e urxente (de organización) celebrada polo Pleno do concello o día 11 de xullo do 2023, co obxecto de que non coincida a sesión co Día de Galicia,

### RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Convocar sesión do Pleno do Concello para as data, hora e lugar que se indican en primeira convocatoria, e corenta e oito horas máis tarde en segunda convocatoria, coa seguinte orde do día:

<b>Sesión de:</b> Pleno	<b>Data da sesión:</b> 23 de xullo do 2024
<b>Convocatoria:</b> Ordinaria	<b>Hora:</b> 20.00
	<b>Lugar:</b> Salón dos plenos da Casa do concello

### ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación das actas (sesión núm. 10/2024).
- 2º.- Recoñecemento extraxudicial.
- 3º.- Control da actividade dos restantes órganos da Corporación.
  - A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 24 de xuño (núm. 1172) ata o 17 de xullo do 2024 (núm. 1383).
  - B. Mocións.
  - C. Rogos e preguntas.

**SEGUNDO.-** Dar traslado desta Resolución aos sres. concelleiros membros do órgano colexiado, advertíndolles que, conforme co disposto polo artigo 12.1 do RD 2568/86, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a súa imposibilidade de asistir á citada sesión.

**TERCEIRO.-** Que se poña a disposición dos concelleiros a documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día que deban servir de base para o debate e, de ser o caso, votación, na Secretaría do Concello, aparte da súa posta a disposición a través da sede electrónica municipal ou da súa remisión por medios dixitais.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e pola secretaria do Concello, María del Carmen Seoane Bouzas, o 18 de xullo do 2024.